

EXPEDIENTE: 1625/2024

Asunto: Corrección de erros relación admitidos proceso selectivo monitores/as tempo libre

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por decreto número 2024-0751 de 04/05/2024 resolveuse declarar a relación definitiva de persoas candidatas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para a confección dunha bolsa de emprego para a contratación de monitores/as de actividades de tempo libre.

Advertido un erro de feito, consistente en que D. ADRIAN BORONAT CAROU presentou a solicitude en tempo e forma con acompañamento da preceptiva documentación esixida nesta convocatoria procede, en base ao previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, rectificar de oficio o erro de feito existente debendo proceder á súa inclusión na lista definitiva de persoas candidatas admitidas no proceso selectivo mencionado “*ut supra*”.

Polo exposto e no exercicio das miñas atribucións positivizadas no artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

### RESOLVO:

Primeiro.- Modificar a listaxe de persoas candidatas definitivamente admitidas no proceso de selección para a confección dunha bolsa de emprego para a contratación de monitores/as de actividades de tempo libre a D. ADRIAN BORONAT CAROU por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada na base 4ª e 6ª das que rexen este procedemento.

Segundo.- Facer pública, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, esta rectificación da listaxe de admitidos, concedendo ás persoas interesadas un prazo de dous días hábiles a contar dende o día seguinte ó da súa publicación para a presentación de posibles alegacións.

Terceiro.- Dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Boiro, á data que figura na marxe esquerda.

JOSÉ RAMÓN ROMERO GARCÍA, ALCALDE PRESIDENTE

FRANCISCO J. OUBIÑA LODEIRO, SECRETARIO XERAL

